

OS ALUMNOS VISITAN LA CASA DE LA LUZ E AS MÉDULAS



O Mércores 24 de outubro, os alumnos de 3º ESO e 4º ESO de Tecnoloxía, desplazáronse a Ponferrada para visitar La casa de la Luz.

E ademáis despóis puideron desfrutar dunha visita guiada polas Médulas.

PÁXINA 1: Visita a La Casa de la Luz e ás Médulas

PÁXINA 2: A nosa biblioteca

PÁXINA 3: Escalada e visita ao Muncyrt | Magosto | Concurso de baile de peóns

PÁXINA 4: Charlas no instituto | Minuto de silencio | Gráfica de resultados académicos

A NOSA BIBLIOTECA

No primeiro trimestre deste curso 2018 / 19, desde Curtisbiblio o equipo de profesorado que se encarga do funcionamento da biblioteca do noso IES levou adiante as seguintes tarefas:

- Creación de novos lectores (alumnado de nova incorporación) no programa MEIGA
- Formación de usuarios en 1º e 2º de ESO: sesións con explicacións sobre o funcionamento do servizo de biblioteca e con actividades de busca de fondos neste espazo.
- Incorporación da figura do Axudante de biblioteca nos recreos, para alumnado de 3º e 4º de ESO.
- Posta en marcha en 1º e 2º de ESO da actividade, integrada no Proxecto Lector do Centro, Hora de ler. Creación dun lote de materiais de lectura para esas aulas, pensados para aqueles casos nos que o alumnado non traia o seu libro.
- Posta en circulación das MOCHILAS VIAXEIRAS.
- Exposición no taboleiro exterior (ó carón da entrada da biblioteca) de imaxes e textos conmemorativos relacionados co Día das Bibliotecas, coa celebración do Samaín, Defuntos e Halloween, coa prevención da Violencia de Xénero e coa conmemoración do Día dos Dereitos Humanos.
- Exposición no interior da biblioteca de libros e DVD relacionados coas temáticas anteriores e co Mes da Ciencia en galego (novembro).
- Concurso de lemas sobre a animación á lectura no espazo da biblioteca.
- Continuidade da actividade LIBROS PARA VÓS: no exterior da biblioteca colócanse fondos obtidos de expurgos e de donacións de diferentes membros da comunidade educativa para o alumnado do centro, que pode levarlos de agasallo.
- Mantemento do blog da biblioteca (curtisbiblio.blogspot.com) e do club de lectura Fendetestas (clubfendetestas.blogspot.com), con entradas varias sobre exposicións, conmemoracións, lecturas, actividades...
- Adquisición, catalogación e exposición de novidades propostas polo alumnado e profesorado dos distintos departamentos do IES, con cargo á axuda económica que proporciona Bibliotecas Escolares ao estar o noso IES integrado no PLAMBE.
- Recente adquisición de novos equipos informáticos coa dotación económica que Bibliotecas Escolares aportou por ser a nosa biblioteca Centro creativo de aprendizaxes.
- Posta en circulación de dispositivos de lectura dixital para empréstimo ao alumnado (elaboración de trípticos con instrucións de uso e autorizacións ás familias).
- Continuidade da participación no proxecto E-LBE 2 (acceso a unha plataforma gratuíta de fondos dixitais) con alumnado do Club de Lectura.
- Exposición O noso patrimonio: onde o pasado se atopa co futuro. En colaboración cos departamentos de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Francesa, Lingua Inglesa, Latín, Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía, Ciencias Sociais e Xeografía e Historia, Música, Filosofía e Normalización. Coordinados e axudados polo profesorado, arredor de 100 alumnos do centro fixeron posible, co seu traballo, a elaboración dos paneis desta exposición.
- Elaboración trimestral da listaxe de alumnado e profesorado con fondos pendentes de devolución, co fin de evitar perdas de fondos.
- Elaboración e difusión entre o alumnado e o profesorado do Boletín de recomendacións lectoras para Nadal, con diferentes temáticas e tramos de idade.




Ya es otoño en Curtisbiblio

Curtisbiblio



Como en la biblioteca en ningún sitio



ESCALADA E VISTA AO MUNCYT



A finais de novembro os alumnos de 2º ESO desplazáronse ata Coruña para facer unha actividade combinada do departamento de Ciencias, Física e Química e Educación Física.

Fixeron unha introducción á escalada de mans de profesionais da materia (Agrupación deportiva Mía). Así mesmo fixeron unha visita guiada ao Muncyt (único Museo Nacional que temos na comunidade) para achegarse ao mundo da ciencia e a tecnoloxía.

MAGOSTO



Entre o venres 2 e o venres 9 de novembro leváronse a cabo actividades do Magosto, tales como degustación de castañas asadas, diversos concursos de decoración de aulas, decoración de cabazas, cestas de cogomelos e baile de peóns.

CONCURSO DE BAILE DE PEÓNS



Como ven sendo habitual neste instituto, celebrouse polo magosto un concurso de baile de peóns. Para que a cousa sexa xusta facemos dúas categorías: peóns tradicionais de madeira e peóns de plástico. Lévanse a cabo os grupos de clasificación e logo se disputan as semis e a final. Este ano houbo un gañador e unha gañadora.

CHARLAS NO INSTITUTO



Dentro das charlas que se realizan no centro esta avaliación contamos coa presenza de xente da Cruz Vermella para falar de prevención da Sida con motivo da conmemoración do Día Mundial da Sida.

Como todos os anos nos recreos instalouse unha mesa informativa na que os alumnos podían ver os diferentes métodos existentes para evitar o contaxio e na que se lles daba toda a información que precisan para evitar enfermidades coma o Sida

Tivemos xente da Casa da Xuventude que falaban dos programas europeos para xóvenes. Os alumnos puideron coñecer de primeira man as diferentes tarxetas e carnés que lles facilita a compra, as viaxes, a asistencia a museos, etc.

Doutra banda os alumnos tiveron a oportunidade de apuntarse a un programa de "centinelas" no que un reducido grupo de alumnos encárgase de recabar información das actividades da Xunta, do Concello, dos Programas Europeos, e transmitila logo aos seus compañeiros no instituto.

Tivemos charlas sobre violencia de xénero impartida por diferentes ponentes. Un tema tan de actualidade e con tanto calado social é necesario tratalo no centro para concienciar ao alumnado da lacra do machismo.

Dentro de estas actividades un grupo de alumnos grabaron un pequeno vídeo que logo tiveron o gusto de ver o resto dos compañeiros.

Tivemos charlas sobre seguridade na rede "Nas Tics mandas ti". Temas tan importantes como recoñecer unha páxina 2.0 ou 3.0, saber qué tipo de contrasinais son seguras, cómo contactar con xente de forma fiable foron algúns dos temas que se abordaron nestas xornadas divulgativas.

Rematando xa o trimestre recibimos a visita das Forzas Armadas para que os alumnos coñezan as oportunidades laborais que estes corpos poden ofertar.

Así mesmo, representantes da Universidade acercaron esta institución aos alumnos de 1º e 2º de bacharelato. En breve estes rapaces estarán facendo unha carreira e deben coñecer todo o que a Universidade pode ofertarlles.

... E ADEMAÍS

•O luns 3 de decembro os alumnos de 4º ESO e 1º Bac trasladáronse as instalacións de SOTAVENTO, en Xermade para coñecer máis en profundidade as enerxías renovables. A casa biosostenible foi unha das cousas que máis lles chamou a atención.

O venres 21 de decembro o departamento de música organiza o Festival de Nadal.

MINUTO DE SILENCIO




O 18 de decembro os membros da comunidade educativa do IES fixeron un minuto de silencio polo asasinato da profesora Laura Luelmo. O centro quere amosar así a súa repulsa a todo acto de violencia machista, así como a calquera tipo de violencia.

Nestas datas xa moi próximas ao Nadal, achegamos este primeiro boletín do curso 2018-2019 onde damos conta das diversas actividades durante este trimestre.

Todas estas actividades teñen por obxecto a formación do noso alumnado, procurando complementar e afianzar os coñecementos desenvolvidos nas aulas. O cal non sería posible sen a colaboración imprescindible do profesorado, pero tamén das ANPA, dos diversos departamentos do noso concello e dos organismos públicos e privados que colaboran desinteresadamente con nós. A todos eles e a toda a comunidade educativa, deséxovos unhas felices festas.

Juan Carlos Fandiño, Director do IES de Curtis

RESULTADOS 1ª AVALIACIÓN



DIRECTOR: Juan Carlos Fandiño da Torre
VICEDIRECTORA: María Gómez López
XEFA DE ESTUDOS: Yolanda Suárez Martínez
SECRETARIO: José Antonio Paz López
ORIENTADORA: Eva Sanz Santás

equipo de normalización lingüística IES de CURTIS

IES DE CURTIS
Rúa Xermán de Castro s/n 15310
Curtis (A Coruña)
Tlf 881 880 620 / Fax 881 880 629
www.edu.xunta.es/centros/iescurtis